




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE LIMPEZA E RESTAURACIÓN DAS BURGAS (BURGAS DE ABAIXO), NO CONCELLO DE OURENSE.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o concello de Ourense para a execución das actuacións de limpeza e restauración das Burgas (Burgas de Abaixo), no concello do Ourense.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Nos principios aos que se axustan as relacións entre as administracións públicas galegas, establecidos na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como no disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que encomenda aos concellos a obriga de protexer, defender, realizar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural que radique no seu ámbito territorial.

O mal estado do conxunto de fontes termiais das Burgas e a súa contorna xustifica a intervención xa que presenta degradación do material construtivo, sucidade e pátina biolóxica.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública dado que as actuacións previstas van evitar que continúe deteriorándose este Ben, declarado de Interese Cultural coa categoría de sitio histórico. Por outra parte esta intervención está incluída no Plan Estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro da medida Conservación dos bens do patrimonio cultural emerxentes do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego.

Por todo o anterior, é o concello de Ourense o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

